



BOP

MÉRCORES, 31 DE XULLO DE 2024

N.º 176

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2024/CON_02/000047.- BARREIROS.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0611 "BARRIO NOVO (LU-634) - PRAIA DE COTO (LU-P-0610), P.K 0+000 A 2+2038,

2024/CON_02/000048.- PANTÓN.- REHABILITACIÓN DE FIRME REGOS CON GRAVILLA LU-P-4107 "SEGADE (N-120A) - MARCE" P.K. 0+000 A 4+521

2024/CON_02/000049.- PANTÓN.- REHABILITACIÓN DE FIRME REGOS CON GRAVILLA LU-P-4106 "CARMEN (LU-617) - CURRO (N-120A)", P.K. 0+000 A 6+550

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 26 de xullo de 2024.- O SECRETARIO, P.S. A SECRETARIA-INTERVENTORA, Montse Conde López.

R. 2269

CONCELLOS

LÁNCARA

Anuncio

Información pública

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 24 de xullo de 2024 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 10/2024, de concesión de créditos extraordinarios e de suplementos de crédito, financiados con cargo ó remanente líquido de tesourería, consonteódisposto no Texto refundido da lei reguladora das facendaslocais por importe de 17.088,64euros e a base 30ª das de execución do presuposto para 2024.

O expediente exponeao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días hábiles para que calquera persoa interesada poida examinalo e presentar reclamacións (artigo 170 do TRLFL). O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Láncara, 26 de xullo de 2024.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R.2270

LUGO*Anuncio***Exposición ao público**

A través do Decreto número 4335/2024 DE 8 DE MAIO DE 2024, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondientes ao mes de **ABRIL de 2024**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondiente taxa: **dende o día 15 de maio ata o día 15 de xuño de 2024** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 9 de maio de 2024.- A Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 2271

*Anuncio***Exposición ao público**

A través do Decreto número 5428/2024 de 5 de xuño de 2024, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondientes ao mes de **MAIO de 2024**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondiente taxa: **dende o día 12 de xuño ata o día 12 de xullo de 2024** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 5 de xuño de 2024.- A Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 2272

OUIROL*Anuncio*

Con data vinte e tres de xullo de dous mil vinte e catro o Sr. Alcalde-Presidente asinou o Decreto nº 2024-0271, que literalmente di:

“DON JOSÉ LUIS PAJÓN CAMBA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUIROL, PROVINCIA DE LUGO.

Visto que con data dous de xullo mediante Resolución nº 2024-0240, esta Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes atribucións da Alcaldía:

- O desenvolvemento da xestión económica de conformidade co orzamento aprobado, dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das contempladas no artigo 158.5 da Lei 39/1998, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, sempre que aquelas estean previstas no orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o dez por cento dos seus recursos ordinarios, agás as de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o quince por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, ordear pagamentos e rendir contas; todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Aprobar a oferta de emprego público de conformidade co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno.
- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como os instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, agás nos casos en que a devandita facultade estea atribuída a outros órganos.
- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.
- O outorgamento das licenzas, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.
- Ordear a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.
- A competencia como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- A adxudicación de concesións sobre os bens da Entidade Local e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millón de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.
- A potestade sancionadora en materia urbanística baseándose no artigo 222.1 da LOUG.
- As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao concello e non o atribúan a outros órganos municipais.

Visto que a devandita delegación comprendía as facultades de resolver procedementos administrativos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

Vista a necesidade dunha maior axilidade para o impulso e resolución dos asuntos municipais, é convinte avocar o exercicio das competencias delegadas e residencíalas novamente na Alcaldía.

Por todo isto, en virtude do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo cos artigos 43, 44, 45, 114 a 118 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, RESOLVO:

1º.- Avocar as competencias que foron delegadas na Xunta de Goberno Local en virtude da Resolución de Alcaldía, nº 2024-0240 de data dous de xullo, de conformidade co disposto nos artigos 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 21.3 da Lei 7/1985, e 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

2º.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo sen prexuízo de que surta efectos dende o mesmo día da súa sinatura de conformidade co disposto no artigo 44.2 do Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

3º.- Dar conta da presente Resolución no primeiro Pleno ordinario que se celebre de conformidade co disposto no artigo 44.4 do Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O que mando e asino. O Alcalde-Presidente e A Secretaria-Interventora”.

Ourol, 23 de xullo de 2024.- O Alcalde – Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2273

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 18/07/2024, prestouse aprobación inicial o **padrón correspondente ao segundo trimestre do ano 2024 a:**

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa canon de auga.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente edito no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso- administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida Xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA.

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario **ata o 31/12/2024.**

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ao enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ao pagamento deberá persoarse nas Oficinas Municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e no seu caso das costas do procedemento de apremio.

No caso do Canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Pedrafita do Cebreiro, 19 de xullo de 2024.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2274

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE XUÑO 2024.

Por Resolución de alcaldía do 23 de xullo de 2024, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 23 de agosto de 2024 ao 23 de outubro 2024**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 23 de agosto de 2024 ao 23 de outubro de 2024**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde.

A Pontenova, 24 de xullo de 2024.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 2275

RIBADEO

Anuncio

CORRECCION ERROS

Publicado anuncio no BOP de Lugo de data 24 de xullo de 2024, coa convocatoria para persoal con carácter laboral temporal de 1 TÉCNICO DINAMIZACION SOCIECONOMICA LOCAL dentro do programa de "Reforzo do Emprego 2024" do Plan Unico da Deputación Provincial de Lugo.

Cometeuse un erro ao sinalar o programa "Reforzo do Emprego 2024" do Plan Unico da Deputación Provincial de Lugo, **en vez do que realmente é: "Reforzo do Emprego 2024" Plan Deputación de Lugo de Cooperación cos Concellos 2024.**

Igualmente debe figurar que o anuncio de convocatoria se realizará tamén no Boletín Oficial da Provincia.

Considerando que conforme ao establecido no art. 109 .2 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP. a Administración poderá rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros de feito, materiais ou aritméticos, existentes nos seus actos.

Corríxese mediante esta publicación o erro padecido no senso mencionado anteriormente.

Ribadeo, 24 de xullo de 2024.- O ALCALDE, Daniel Vega Pérez.

R. 2276

RIBAS DE SIL*Anuncio*

Aprobados por Decretos da Alcaldía de data 22/07/2024 e 24/07/2024 os Padrón do SAF do mes de xuño de 2024 e do Servizo de recollida de lixo rural do 2º Trimestre de 4, por medio do presente expóñense ao público por prazo de 20 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

O mesmo tempo establecece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 24 de xullo de 2024.- O alcalde, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 2277